

**REGULAMENTO PARA A CREAÇÃO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN NON MATRIMONIAIS:**

Artigo 1º.-

Créase o rexistro municipal de unións non matrimoniais do Concello de Vilar de Santos de carácter administrativo, no que se poderán inscribilas unións non matrimoniais, con independencia da orientación sexual, así como aquelas non definibles polo trato sexual e constituídas para a convivencia e apoio mutuo, isto na forma e cos requisitos que se establecen no presente regulamento.

Artigo 2º.-

Poderán instar a súa inscrición no rexistro todas aquelas unións de dúas ou máis persoas, incluso do mesmo sexo, que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de convivencia non matrimonial.

Serán requisitos para que se leve a cabo a inscrición:

- a) Estar empadroados no Concello de Vilar de Santos. Para tal efecto, formulada a solicitude de inscrición a encargada do servizo do padrón municipal informará ó respecto.
- b) Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado. Achegará fotocopia do DNI e documentos acreditativos da emancipación, se é o caso, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil. Achegará tamén declaración responsable de non ter sido declarado incapacitado por sentenza xudicial firme.

Artigo 3º.-

Tódolos membros da unión deberán asinar a solicitude de inscrición e esta levarase a cabo mediante comparencia persoal e conxunta perante o funcionario encargado do rexistro, efectuando declaración formal respecto da existencia da unión de convivencia non matrimonial.

Artigo 4º.-

Poderanse inscribir mediante transcrición literal, os convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión. Tamén se poderán inscribir outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 5º.-

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó convenio e feitos ou circunstancias se deberá efectuar mediante comparencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

Respecto da terminación da unión, poderase efectuar por instancia dun só dos membros da mesma.

Artigo 6º.-

O rexistro municipal de unión non matrimoniais estará a cargo da Secretaría xeral do Concello.

Artigo 7º.-

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais, que estará formado por follas móbiles, foliadas e seladas, legalizadas coa rúbrica do Secretario da Corporación e expresará na súa primeira páxina, mediante dilixencia de apertura asinada polo Secretario, o número de folios e a data de apertura.

Artigo 8º.-

O libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais non ten carácter público, agás as certificacións que expida o funcionario encargado do rexistro a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión ou de xuíces o tribunais de Xustiza.

Artigo 9º.-

No ámbito competencial do Concello, as unións non matrimoniais de convivencia inscritas no rexistro municipal, cando se trate de parellas, terán a mesma consideración xurídica e administrativa cás unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

DISPOSICION FINAL.

Este Regulamento entrara en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vilar de Santos, 20 de Xaneiro de 2005

O ALCALDE,